

Os veciños de Gondomar preparan as catiuscas para unha nova temporada de inundacións

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 18 Setembro 2014 20:31



Os veciños de Gondomar preparan os baixos das súas casas e edificios no que parece ser xa o comezo dunha nova temporada de inundacións na vila.

Hoxe pola mañá desbordaba o río Morgadáns á altura do barrio de A Torre e todo facía prever que o entorno do CDL e o parque da Coelleira pronto aparecerían asolagados. A situación era similar no barrio de Moreira, nas fincas situadas á beria do río Miñor, onde as augas xa entraron nalgunha delas.

E as predicións non tardaron en cumprirse, incluso máis rápido do previsto. O entorno do antigo matadoiro e a parque da Coelleira estaban xa asolagados así como o entorno do edificio do CDL onde o concello construíra o novo muro de contención cun custe de 99.400€ que non evitou que as instalacións volvesen a asolagarse.

A acción do novo muro resultou máis prexudicial para o entorno da Coelleira, xa que o dique reduciu a superficie de absorción e a zona do antigo matadoiro quedou totalmente cuberta pola auga en apenas unhas horas.

Outra zona afectada é a do barrio de Moreira (Mañufe), onde fincas, campos de cultivo e casas comezaron a sufrir a enchente dende a mañá. As augas eleváronse case a nivel da ponte románica de Mañufe. Sobre a medianoite, veciños da zona afirman que tivo lugar un leve retroceso das augas, mais aseguran que terán unha noite longa de vixilia.

Os veciños de Gondomar preparan as catiuscas para unha nova temporada de inundacións

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 18 Setembro 2014 20:31

VIDEO Río Morgadán